

Nota informativa ós usuarios da sanidade pública

O SERGAS está bloqueando as axendas de moitos profesionais sanitarios que están de permiso deixando sen médico de cabeceira a moitos dos usuarios durante días. Nestes períodos os cidadáns que non teñen médico de cabeceira asignado non teñen dereito a asistencia sanitaria ordinaria o cal é inconstitucional ó noso entender.

O traballo dos sanitarios dos centros de saúde xa estaba sobrecargado con outras substitucións de compañeiros de permiso ou baixa xa que non se está contratando a substitutos que están no paro. Con esta medida dos bloqueos das listas de traballo xérase un auténtico caos que vai deteriorar a asistencia sanitaria nos centros de saúde.

Si vostede sofre unha situación deste tipo, faga chegar a súa queixa ós únicos responsables desta desorganización, os actuais administradores do Sergas e en última instancia á Conselleira de Sanidade.